



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 8 DE AGOSTO DE 2013

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día oito de agosto de dous mil trece baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D.^a Olga Blanco Teijeiro, D. Marcos Rodríguez Calvo e D.^a Delia Paz Ardao.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE XUÑO DE 2013.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e nove de xuño de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CAPELA. APROBACIÓN INICIAL. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do informe favorable da Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día dous de agosto de dous mil trece, referente á aprobación da ordenanza de referencia. Na mencionada comisión pola Traballadora social do Concello expuxéronse todas as cuestións de tipo técnico en referencia coa presente ordenanza.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que se remite ao xa manifestado na Comisión informativa.

Igualmente se manifesta o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz.

Sen máis debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

- 1º. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Capela.
- 2º. Expoñer ao público polo prazo de trinta días mediante anuncio a publicar no BOP e taboleiro de edictos do Concello.
- 3º. No suposto de non presentarse reclamacións o acordo plenario inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

3. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. APROBACIÓN INICIAL. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación do informe favorable emitido pola Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día dous de agosto de dous mil trece.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández remítese ao manifestado na Comisión e considera que a ordenanza está ben fundamentada dende o punto de vista técnico.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, remítense ao xa manifestado polo seu grupo na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sen máis debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente (provisionalmente) a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo Servizo de axuda no fogar.

2º. Ao abeiro do establecido no artigo 17 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TRLRHL), expoñelo ao público aos efectos de reclamacións e suxerencias, polo prazo de trinta días, mediante anuncio a publicar no BOP e taboleiro de anuncios do Concello.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións, o acordo plenario de aprobación inicial (provisional) elevarase automaticamente a definitivo.

4. MODIFICACIÓN DA APROBACIÓN PROVISIONAL DO DOCUMENTO PUNTUAL Nº 1 DA MODIFICACIÓN DO PXOM DO CONCELLO DA CAPELA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do informe favorable da Comisión informativa de asuntos do pleno de data dous de agosto de dous mil trece, no sentido de modificar o documento aprobado provisionalmente polo pleno do concello en data doce de abril de dous mil trece, todo iso en base aos requirimentos do servizo de urbanismo da Delegación Territorial da Coruña, da Consellería de Medio ambiente, territorio e infraestruturas de data sete de maio de dous mil trece, no senso de suprimir o artigo 3.2.6 da normativa.

Asimesmo en base ao informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio cultural da Xunta de Galicia de data vinte e dous de xullo de dous mil trece, referente á incorporación no catálogo de bens protexidos no referente ao Poboado do Eume.

Os voceiros dos grupos municipais do Partido Popular, D. José Seco Fernández, e AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, remítense ao manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que unha vez revisado o documento modificado o seu grupo votará a favor da aprobación da mesma.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a modificación do documento número 1 de modificación do PXOM da Capela que foi aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello en sesión realizada o día doce de abril de dous mil trece, no senso de suprimir o artigo 3.2.6 da normativa e incluír o Poboado do Eume no catálogo de bens protexidos.

2º. Remitir a documentación á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, aos efectos da aprobación definitiva da modificación puntual número 1 do PXOM da Capela.

5. RDL8/2013 DO 28 DE XUÑO DE MEDIDAS URXENTES CONTRA A MOROSIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DE APOIO ÁS ENTIDADES LOCAIS CON PROBLEMAS FINANCEIROS. DAR CONTA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente pídeselle ao Secretario-interventor da Corporación que proceda a explicar este asunto.

Polo Secretario-interventor, dase conta do contido do RDL 8/2013 do 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das Administracións públicas e apoio ás entidades con problemas financeiros, especialmente no que respecta ao seu capítulo III (Disposicións aplicables ás entidades locais).

Sinala o Secretario - interventor, que o Concello da Capela a través de informe dirixido á Alcaldía- Presidencia en data dez de xullo de dous mil trece (NRE 720), que o concello da Capela non tén débeda con provedores a data trinta e un de maio de dous mil trece, polo que non é preciso remitir documentación ao MINHAP nin acollerse a ningún plan de axuste.

O Pleno da Corporación queda enterado.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José A. Meizoso Paz